

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OROSO

*Asunto: aprobación definitiva de Ordenanza reguladora do prezo público da escola infantil municipal*

#### ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DE ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

Finalizado o prazo de exposición pública sen presentación de reclamacións do seguinte expediente, aprobado en sesión plenaria de data 29 de maio do 2014, e publicado anuncio de aprobación provisional no BOP do 8 de xullo de 2014.

Aprobación ordenanza reguladora do prezo público da Escola Infantil municipal.

Cumprindo o disposto no artigo 49 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, publícase o seu contido íntegro, entrando en vigor a presente ordenanza transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/85, de conformidade co artigo 70.2 da mesma lei.

#### MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DO CONCE- LLO DE OROSO

O artigo 5 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

#### ARTIGO 5. - CONTÍA

5.1 A contía do prezo público deriva da aplicación das seguintes tarifas mensuais, polo que se refire á asistencia ó centro:

Nº TARIFA	RENTA PER CÁPITA MENSUAL	HORARIO MAÑÁ	HORARIO TARDE	HORARIO XORNADA PARTIDA OU CONTINUA
T-1	inferior ao 50% IPREM	0,00 €	0,00 €	0,00 €
T-2	>= 50 % e < 75% IPREM	26,98 €	21,05 €	33,73 €
T-3	>= 75% e < 100% IPREM	53,96 €	42,16 €	67,45 €
T-4	>= 100% e < 125% IPREM	86,67 €	67,71 €	108,33 €
T-5	>= 125% e < 150% IPREM	103,02 €	80,48 €	128,77 €
T-6	>= 150% e < 200% IPREM	113,65 €	88,66 €	142,06 €
T-7	>= 200% IPREM	130,82 €	102,20 €	163,52 €

#### 5.2.- Servizos complementarios

RENTA PER CÁPITA MENSUAL	SERVIZOS COMEDOR	SERVIZOS COMEDOR DÍAS SOLTOS	HORA AMPLIADA
inferior ao 30% IPREM	0,00 €	4,09 €	20,44 €
>= 30 % e < 75% IPREM	16,86 €	4,09 €	20,44 €
>= 75 % e < 100% IPREM	25,55 €	4,09 €	20,44 €
>= 100% e < 125% IPREM	35,77 €	4,09 €	20,44 €
>= 125% e < 150% IPREM	51,10 €	4,09 €	20,44 €
>= 150% e < 200% IPREM	61,32 €	4,09 €	20,44 €
>= 200% IPREM	71,54 €	4,09 €	20,44 €

5.3.- Para as nenas e os nenos que, con carácter extraordinario, soliciten máis horas diarias de asistencia ao centro que as contempladas no horario do que é usuaria/usuario, a tarifa mensual que lle corresponde abonar incrementarase atendendo o número de horas que permaneza no centro.

O artigo 9 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

#### **ARTIGO 9. REVISIÓN DE TARIFAS**

9.1 Ao longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, tanto a petición dos usuarios coma por propia iniciativa do concello, cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar referidas aos seguintes casos:

a) Modificación das variables que determinan as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores o salario mínimo interprofesional anual vixente.

b) Variacións nos seus ingresos que supoñeren unha diminución ou incremento do 25% fronte aos ingresos tidos en conta para a fixación inicial de cota, comparados en un período mínimo de 4 meses. Para xustificar as ditas variacións deberánse aportar a xustificación documental precisa solicitada (nóminas, certificado de empresa do cambio de circunstancias na situación laboral e económica, certificado do Inem, etc.).

9.2 No caso de revisión de tarifas á baixa, os usuarios non poderán esixir o reintegro total ou parcial das cotas xa devengadas no momento da solicitude, cando a súa contía e determinación derivasen de documentación ou circunstancias que puidesen ser alegadas polo propios interesados no seu momento, ou por erros atribuíbles ós propios usuarios.

9.3 No caso de revisión de tarifas en incremento, estas só serán esixibles de cara ás cotas a devengar no futuro.

9.4 En todo caso, e con independencia do exposto nos puntos anteriores, cando por ocultación ou falsidade nos datos e documentación determinante de encadramento nunha determinada tarifa, as tarifas cobradas fosen inferiores a contía sinalada na presente ordenanza, poderase esixir o deixado de cobrar por parte do concello.

9.5 A modificación da tarifa, será acordada polo Alcalde-Presidente á proposta da comisión de baremación da escola infantil municipal, previa audiencia dos interesados.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, tendo efecto a partires do 1 de setembro de 2014.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza únicamente poderá interponerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

En Orosa a 14 de agosto de 2014

O Alcalde-Presidente

Manuel Mirás Franqueira

2014/9089